


CAPITAN FURILO - TERCER ROUND



Terceiro Round e Terceiro Disco, **Capitan Furilo presenta o seu novo traballo.**

Autopensado, autoproducido, autoeditado, e autointerpretado, como nos seus anteriores traballos Capitan Furilo volve a votar man dos recursos internos para dar forma o xa consagrado "sonido furilo". Presentado na mítica "Cea Baile" no mes de Maio, "Terceiro Round" é un disco cheo de enerxía e intención. Unha auténtica declaración de intencións que confirma a evolución do grupo, a evolución dun sonido e a solidez da formación. Todo coa finalidade de transmitir a enerxía do directo, auténtica sinal de identidade do grupo.

O disco foi grabado nos meses de Marzo e Abril nos estudos vigueses de Planta Sónica e Villa Angelina, i está producido por Capitan Furilo e Tino Alvarez (Arritmic), está autoeditado polo grupo, distribuido por Lonxa Cultural.

Neste novo traballo colaboraron Susi Ramil (Voz e Coros), Isaác Alvarez (Teclados Hammond), Xan Lavaca (Acorrdeón e Coros) e Félix Rodríguez (Gaita), Mariví Frijedo (Violines) e Tino Alvarez (Programación e Teclados).

A xira de presentación comezou o pasado 21 de Maio en Pontearreas e xa pasou no que vai de ano por Pontearreas, Melide, Vigo, Celanova, Bueu....

... e inda sigue porque tamén estarán en **La Casa de Arriba** (Vigo / 3 de Novembro), **Clavicémbolo** (Vigo / 4 de Novembro), **Café Auriense** (Ourense / 19 de Novembro), e **Liceum** (Porriño 26/Novembro).

As cancións do Terceiro Round etán feitas para disfrutar e sentir a enerxía do rock, falan de emocións cercanas, de sentimentos cheos de intensidade e inmediatez. O sonido furilo o servicio do rock.

O grupo formado en 2.006, leva publicados dous discos e unha maqueta, sendo finalistas no ano 2007 do Concurso NSaio e sendo elegido o seu traballo Pop como un dos dez mellores traballos de Galicia pola revista Mondosonoro. Sobre o seu novo traballo destacar o primeiro posto da súa canción "Veranito" na lista deste verán en Radiofusión, unha emocionante sorpresa para o grupo polo escaso tempo de publicación das novas cancións.

O igual que os demais traballos, na páxina web do grupo pódense descargar as cancións gratuitamente, así como as letras, ver videos dos concertos e seguir toda xira de presentación a través das "delirantes" crónicas furilas.

Un novo traballo, unha nova aventura, Capitan Furilo – Tercer Round

www.capitanfurilo.com

Tlf.- 652030848

Email.- ocapitanfurilo@gmail.com

E recorden....., Teñan coidado ahí fora!!

